

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA
28 DE XULLO DE 2014. NÚM. 9/2014.-**

Asistentes:

PRESIDENTE ACCIDENTAL:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

AUSENTE: D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.).

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, Nº 8/2014 de 30 de xuño.....páx. 3

2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....páx. 3

3.- Dación de conta do Catálogo de condicións da prestación conxunta do Servizo do Centro de Información ás Mulleres.....páx. 7

4.- Moción do PSdeG-PSOE.....páx. 8

 11.1.- Moción do PSdeG-PSOE en relación á reparación da capa de rodaxe da Rolda Leste.....páx.8

5.- Rogos e preguntas.....páx.10

=====

Sendo as dez horas do **día 28 de xullo de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia Accidental do Concelleiro, *D. Román Rodríguez González*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asiste o Alcalde-Presidente D. Xosé Crespo Iglesias.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR , Nº 8/2014 DO 30 DE XUÑO-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 8/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

D. Manuel María González Aller, edil e voceiro do PsdeG-PSOE, pediu que se rectificase o seguinte:

Na páxina 15 na súa intervención, segunda liña, **onde dixo** que: no ano 2013 houbo superávit,..., **debe constar: no ano 2013 houbo déficit porque se gastou máis do que se ingresou.** É dicir: poñer o contrario do que consta.

D^a. María Páz Pérez Asorey tamén solicitou que se cambiasen os seguintes aspectos da súa intervención no punto 9 do dito borrador da acta:

- Na páxina 24.. **onde pon:** sinalou que desde o ano 2013.. **debe constar:** Sinalou que no ano 2013.

- Na páxina 24 **onde di:** que tamén salientou que as necesidades de apoio ao persoal... **había que suprimir** estas palabras de “apoyo ao persoal.

- Na páxina 25 .. **onde di:** os expedientes resolvíanse nunha semana, en meses ou en días, **debe dicir:** resolvíanse nunha semana.

- Na páxina 25 ao final **onde di:**... e reclamación. O certo era que non había unha soa persoa en listas de espera en Lalín: por estes expedientes, **cumpria suprimir...por estes expedientes.**

Con estes cambios aceptados polo Sr. Secretario, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta Nº 8/2014 correspondente á sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de data 1 de abril de 2014 polo que se dispón **aprobar o expediente de modificación de créditos nº 7 BIS-G/2014**, modalidade xeración de crédito, tendo os fondos orixe na aplicación orzamentaria 399.00 e aplicación na 453.639.00, por importe de **714,16 euros**.

2.- Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2014 polo que se acorda a **incoación de 114 expedientes sancionadores en materia de tráfico**, que comeza co número 3539/2014 e remata co número S1318/2014.

3.- Decreto de Alcaldía de data 26 de xuño de 2014 polo que se dispón **aprobar o expediente de transferencia de créditos Nº 5-T/2014, por importe total de 44.000,00 euros**.

4.- Decreto da Alcaldía, de data 19 de xuño de 2014, polo que se resolve ditar **resolución sancionadora en materia de tráfico** relativa ao expediente 1820/2014, se dá por concluído o expediente e se dispón impoñer a sanción correspondente.

5.- Decreto da Alcaldía de data 25 de xuño de 2014 polo que se dispón desestimar a solicitude de reintegro da cantidade de 41,46 euros, presentada por D. Celso Taboada Lorenzo, correspondente a retribucións do mes de marzo de 2014 con base aos fundamentos xurídicos, consideracións e motivos indicados no informe, de data 10 de xuño de 2014, emitido pola Técnica municipal de Intervención e Nóminas .

6.- Decreto da Alcaldía de data 26 de xuño de 2014 polo que se dispón **aprobar o expediente de modificación de créditos nº 14-G/2014**, modalidade xeración de crédito, tendo os fondos orixe na aplicación orzamentaria 450.6001 e aplicación nas 1352.130.00.01, 1352.130.02.01, 1352.22104.01 e 1352.2219901.01, por importe de **14.355,00 euros**.

7.- Decreto da Alcaldía de data 30 de xuño de 2014 polo que se dispón avogar a competencia que para o caso concreto ostenta a Xunta de Goberno Local, se acepta a renuncia presentada por D^a: Margarita Fernández Ledo ao posto de ordenanza para a que foi seleccionada ao abeiro do Plan Provincial de Conservación e Mantemento de Bens e Servizos Municipais 2014 e se procede á contratación de D^a. M^a José Fraiz Areán, candidata que obtivo a seguinte maior puntuación no proceso selectivo.

8.- Decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por dietas na realización de comisións de servizo, a favor de D^a. M^a Jesús Dablanca Pallares, por importe de **37,40 euros**.

9.- Decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2014 polo que se dispón avogar a competencia que para o caso concreto ostenta a Xunta de Goberno Local, e se procede a contratar a D. Manuela Dobarro Taboada, como limpadora seleccionada ao abeiro do Plan Provincial de Conservación e Mantemento de Bens e Servizos Municipais 2014.

10.- Decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2014 polo que se acorda a **incoación de 55 expedientes sancionadores en materia de tráfico**, que comeza co número 3039/2014 e remata co número 5913/2014.

11.- Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2014 polo que se dispón **desestimar o recurso de reposición** interposto por D^a. M^a Isabel Villaverde Liñares contra o expediente sancionador de tráfico número 1152/2014.

12.- Decreto da Alcaldía de data 3 de xullo de 2014 polo que se dita resolución **estimando as alegacións presentadas** por D^a. Vanesa Vidueiros Souto contra o expediente sancionador de tráfico número 5489/2014, e se dispón o arquivo do expediente.

13.- Decreto da Alcaldía de data 3 de xullo de 2014 polo que se resolve **aprobar as liquidacións da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, andamios e outras instalacións análogas producidas** no mes de xuño de 2014, por importe total de **331,34 euros**.

14.- Decreto da Alcaldía de data 3 de xullo de 2014 polo que se resolve liberar a favor de D. Celso Taboada Lorenzo, Técnico de Igualdade do Concello de Lalín, a cantidade de **413,48 euros** con cargo á partida orzamentaria 2322.230.20 do orzamento municipal vixente, para gastos derivados da realización da comisión de servizo na participación no stand de Lalín II Edición EXPOCIDADES en Pontevedra.

15.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se dispón **aprobar o expediente de modificación de créditos nº 15-BIS-G/2014**, modalidade xeración de crédito, tendo os fondos orixe na aplicación orzamentaria 4506004 e aplicación nas 1353.131.00 e 1353.160.00, por importe de **23.657,40 euros**.

16.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, a favor de D^a. M^a Paz Pérez Asorey, por importe de **28,95 euros**.

17.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, a favor de D^a. M^a Paz Pérez Asorey, por importe de **28,95 euros**.

18.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, a favor de D^a. M^a Paz Pérez Asorey, por importe de **28,95 euros**.

19.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, a favor de D^a. M^a Paz Pérez Asorey, por importe de **28,95 euros**.

20.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por dietas e gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, a favor de D^a. M^a Paz Pérez Asorey, polos importes de **26,67 e 50,35 euros, respectivamente**.

21.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en**

concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por gastos de manutención na realización de comisións de servizo, a favor de D. José Gil Bodaño, por importe de **183,30 euros**.

22.- Decreto da Alcaldía de data 7 de xullo de 2014 polo que se aproba o **gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións** a percibir polo persoal ao servizo do Concello de Lalín, por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, a favor de D. José Antonio Varela Quintela, por importe de **226,79 euros**.

23.- Decreto da Alcaldía de data 11 de xullo de 2014 polo que se dispón **aprobar o expediente de modificación de créditos nº 16-G/2014**, modalidade xeración de crédito, tendo os fondos orixe na aplicación orzamentaria 7508015 e aplicación nas 151.640.00 e 161.619.12, por importe de **125.318,58 euros**.

24.- Decreto da Alcaldía de data 14 de xullo de 2014 polo que se dispón **aprobar o expediente de modificación de créditos nº 17-G/2014**, modalidade xeración de crédito, tendo os fondos orixe na aplicación orzamentaria 461.01 e aplicación nas 337.226.09, 334.226.09 e 341.226.09, por importe de **25.000,00 euros**.

25.- Decreto da Alcaldía de data 14 de xullo de 2014 polo que se acorda a **incoación de 484 expedientes sancionadores en materia de tráfico**, que comeza co número 4435/2014 e remata co número 6591/2014.

26.- Decreto da Concellería Delegada de Festas de data 17 de xullo de 2014 polo que se dispón **outorgar licenza a D. Óscar González Mariño para a celebración dos eventos das Festas de Barcia**, os días 19 e 20 de xullo de 2014 no lugar de Barcia, Lalín (Expte. 7553/2014).

27.- Decreto da Concellería Delegada de Festas de data 17 de xullo de 2014 polo que se dispón **outorgar licenza a D^a. Rosalía Crespo Acevedo para a celebración dos eventos das Festas de Zobra**, o día 19 de xullo de 2014 no lugar de Zobra, Lalín (Expte. 7554/2014).

28.- Decreto da Alcaldía de data 21 de xullo de 2014 polo que se aproba a **lista provisional de admitidos e excluídos** ao proceso de selección dun condutor-operario de obras e servizos municipais, ao abeiro das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 23 de xuño de 2014, concedendo un prazo de tres días para a subsanación dos erros causa da exclusión.

29.- Decreto da Alcaldía de data 21 de xullo de 2014 polo que se aproba a **lista provisional de admitidos e excluídos** ao proceso de selección dun técnico superior en informática, ao abeiro das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 23 de xuño de 2014, concedendo un prazo de tres días para a subsanación dos erros causa da exclusión.

30.- Decreto da Concellería Delegada de Festas de data 24 de xullo de 2014 polo que se dispón **outorgar licenza a D. Alberto Touceiro Iglesias para a celebración dos eventos das Festas de Catasós**, o día 25 de xullo de 2014 no lugar de Catasós, Lalín (Expte. 7565/2014).

31.- Decreto da Concellería Delegada de Festas de data 24 de xullo de 2014 polo que se dispón **outorgar eficacia á comunicación previa presentada por D. José Otero Rodríguez e autorizar a celebración dos eventos das Festas de Lebozán**, os días 25 e 26

de xullo de 2014 no lugar de Lebozán, Lalín (Expte. 7566/2014).

32.- Decreto da Concellería Delegada de Festas de data 24 de xullo de 2014 polo que se dispón **outorgar licenza a D. Santiago González Villanueva para a celebración dos eventos das Festas da Xesta**, os días 27 e 28 de xullo de 2014 no lugar da Xesta, Lalín (Expte. 7563/2014).

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO CATÁLOGO DE CONDICIÓN DA PRESTACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Benestar e Emigración de data 18 de xullo de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura da acta da reunión da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 24 de xullo de 2014.

Na exposición do expediente, a edil delegada de benestar e emigración, **D^a. Paz Pérez Asorey** explicou o contido do mesmo.

O Sr. Secretario da Corporación explicou que o acordo a adoptar sería o de aprobación do dito Catálogo, xa que no convenio base que xa se aprobou pola Xunta de Goberno constaba que tiña que ser o Pleno quen o aprobase. Con arreglo á normativa vixente non estaba claro este feito e menos que un convenio determinase o órgano municipal competente.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou o apoio á proposta.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén sinalou que estaba de acordo.

Finalmente polo PGD, **D. Camilo Conde López** manifestou que apoiaría a proposta.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **APROBOUSE o expediente, segundo a proposta da Concelleira Delegada de Benestar e Emigración de data 18 de xullo de 2014, do seguinte tenor:**

A Xunta de Goberno Local celebrada en data 2 de xuño de 2014 aprobaba o convenio marco de colaboración para a prestación conxunta do servizo de Centro de Información ás Mulleres entre os concellos de Lalín, Rodeiro e Agolada.

O convenio en cuestión obedece á necesidade de optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

En data 3 de xuño de 2014 quedaba formalmente constituída a Comisión de

seguimento do referido convenio a cal ten entre as súas funcións a fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da presentación conxunta e do programa fixando as liñas básicas de actuación, e que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.

En data 10 de xullo reuníase a Comisión de seguimento fixando o dito catálogo de condicións da prestación do servizo de Centro de Información ás Mulleres.

En base ao anterior, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar o Catálogo de condicións da prestación conxunta polos concellos de Lalín, Rodeiro e Agolada do servizo do Centro de Información ás Mulleres a que se refire o convenio asinado de data 28 de maio de 2014.

4.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-

4.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE EN RELACIÓN Á REPARACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA ROLDA LESTE.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 18 de xullo de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 4283. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 24 de xullo de 2014.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller**, expuxo o contido da moción. Indicou que a Rolda Leste era unha estrada da circunvalación que permitía comunicar as partes este e norte do Concello de Lalín evitando pasar polo centro urbano. Era pois unha vía importante de acceso e comunicación, pero que nestes tempos coidaba que estaba abandonada e presentaba un lamentable estado. A todo elo había que engadir que afectaba aos rapaces e nais e pais do colexio público Manuel Rivero. Consideraba que había que deixar fora a linguaxe trasnoitada que saíu na prensa, deixar de lado os insultos e poñerse a resolver o problema.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** salientou que estaba a favor e coidaba que había que manter en bo estado a dita vía.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** tamén adiantou o seu apoio á moción.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** manifestou en primeiro lugar que esperaba algunha clase de desculpas desde as filas da oposición que atribuían toda a culpaba ao PP.

Lembrou que a historia da obra da Rolda Leste pasou por varios gobernos autonómicos. Así, o PP deixou a obra lista para adxudicación cando no ano 2005 entrou no goberno o bipartito, que adxudicou a obra. O máis importante era que o control da execución desta obra foi do dito goberno.

O treito desde o Colexio foi un convenio coa Consellería de Obras Públicas e o Concello. O proxecto ascendía a 2.100.000 euros; pero logo sucedeu que se adxudicou por uns 1,7 millóns de euros, e ese sobranse non se empregou.

Por elo pensaba que a culpa non era do PP, senón do PSOE, titular da Consellería competente que levou a cabo a contratación e a dirección da execución da obra.

De todos os xeitos dixo que xa estaban a traballar neste tema, e había unha memoria valorada

do custo que ascendía aproximadamente a 0,5 millóns de euros. Por elo rexeitarían esta moción inicialmente porque estaban traballando sobre ese asunto

Na segunda rolda, **D. Manuel María González Aller** sinalou que se ben a obra non a fixo o PP, despois de dez anos, a conservación e o mantemento da mesma si que lle correspondeu ao PP, e a verdade era que a vía estaba completamente abandonada, e o Concello era o propietario da mesma. Pasou con esta obra o mesmo que sucedeu coa instalación do Lalín Arena, exactamente igual. Se a obra non estaba ben e correcta, o Concello non debeu recepcionala. De todos os xeitos unha vez recibida a obra, o Concello cada certo tempo tiña que consignar e gastar cartos para a súa conservación e mellora, e non deixala así sen máis, como estaba agora, porque representaba un perigo para todos. Tal e como estaba hoxe non podía estar; habería que poñer algún sinal indicando que había baches ou poñer estrada en obras ou algo para advertir aos condutores. O que debía facer o Concello era arranxar a estrada o antes posible. De aí a moción.

Desde o goberno municipal, **D. Román Rodríguez González** rexeitou que houbera abandono da dita vía. Lembrou que o Concello acometeu varias intervencións puntuais na mesma. Non obstante quitar a capa de rodadura e poñer outro firme era unha cousa distinta que supuña moitos cartos. Recordou que neste lugar se tramitou un Plan Especial de Infraestruturas polos problemas que houbo para adaptar e poñer unhas rasantes acordes entre o Colexio e que estaba máis alto do vial e cunha zona difícil. A rasante estaba ben calculada agora e o vial cumpría coas previsións de recoller os fluxos exteriores de tráfico, pero tamén os traxectos interiores cara o centro urbano.

Houbo de seguido un debate entre o anterior interveniente, e os edís **D. Manuel María González Aller e D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** sobre a existencia ou non inicialmente dun problema de rasantes cando se aprobou o proxecto do colexio novo do Manuel Rivero, e a dita obra.

Estes dous últimos sostíñan que si houbo un problema inicialmente coa rasante e cambios posteriores da mesma, introducindo diferencias importantes. Por exemplo houbo que cambiar a porta principal e construír unha rampa, sinalando que debeu haber solución deste tema antes da construción e non despois.

O certo era que hoxe a vía estaba totalmente abandonada e que non se realizou actuación ningunha de conservación da mesma desde a recepción.

O primeiro, o voceiro do PP, sostivo que polas características do terreo era moi complicado establecer unha rasante. Tamén afirmou que en todo caso o goberno bipartito coa diferenza entre o custo do proxecto e a adxudicación, eses 0,4 millóns de euros, puido resolver o problema na execución da obra. Houbo, segundo el, pouco cariño na execución da obra.

Na moción pedíase:

Que se proceda con urxencia á reparación da capa de rodaxe do viario da Rolda Leste.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro PGD.

Votos en contra: trece (13) dos concelleiros do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo REXEITOUSE a moción.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

5.1.- ROGOS.-

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE.

D. Manuel María González Aller

1.- ROGO.- Afirmou que había que definir claramente se as rúa Colón e a Praza da Igrexa son peóns ou aptas ou non para o tráfico rodado de vehículos, xa que rexistran bastante tráfico diariamente. Se era este o destino, sería mellor abrir ao tráfico estes espazos. Lembrou que o seu grupo no seu día propuxo que fosen peonís e non se atendeu. Pidiu polo tanto unha decisión sería ao grupo de goberno, que a cumpla, e responsabilidade polo que acorde.

*Contestou o Alcalde-Presidente accidental, **D. Román Rodríguez González**. Sostivo que a Praza da Igrexa era peonil con dúas excepcións: os garaxes dos donos de pisos con portal a esa praza e os vehículos para carga e descarga dos locais. Se había infraccións e entraban ou circulaban vehículos polas mesmas, os responsables serían os condutores. Pedíulle ao edil en cuestión que, se observaba algunha infracción, llo comunicase á Policía Local, o mesmo que facía dándollo á prensa. De todos os xeitos, os locais da zona se queixaron de que había moita policía local pola zona. En resumo a responsabilidade sería dos condutores infractores.*

2.- ROGO.- Pidiu entón o edil socialista que se sinalizasen como peonís debidamente as ditas rúas Colón e a Praza da Igrexa para que os condutores teñan claro este feito, non haxa accidentes, e, en última instancia, no caso de conflitos xudiciais, non haxa dúbidas.

*Contestou de novo o Alcalde-Presidente accidental, **D. Román Rodríguez González** no sentido de que xa había sinais colocadas nestes lugares e que a responsabilidade sería sempre dos condutores dos vehículos.*

PGD

D. Camilo Conde López

1.- ROGO.- Pidiu que tendo en conta o elevado grao de deterioro da rúa que parte do Alto de Vales, rotonda de Feás, e os riscos para o tráfico rodado e dos peóns, se proceda ao arranxo.

*O edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, indicou que xa estaba bacheado. Non obstante, o Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

5.2.- PREGUNTAS.-

Non houbo.

E, sendo as dez horas e cincuenta e sete minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente